

## **CAPITULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL.**

**ARTIGO 1º.-** Co nome da “**ASOCIACIÓN DE PERSOAS ADICTAS E FAMILIARES ADIANTE**”, constitúese en As Pontes unha Asociación, ó amparo da lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

**ARTIGO 2º.-** Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

**ARTIGO 3º.-** Son fins principais da Asociación:

- a. Desenvolver e defende-los dereitos das persoas adictas.
- b. Promover e apoiar os grupos de persoas adictas e os seus familiares.
- c. Sensibilizar sobre a problemática das adiccións á poboación en xeral.
- d. Promovela relación e o intercambio entre asociados/das, así como con outras asociación e a poboación en xeral.
- e. Desenvolver actividades de todo tipo encamiñadas a cubrir as necesidades dos/das asociados/das, así como dirixidas a achegar recursos para cumprir cos fins fundacionais.
- f. Estar ó tanto en tódalas cuestión legais, sociais, prácticas, etc., que poidan ser importantes para lograr a abstinencia e recuperación das persoas adictas.
- g. Elevar a súa formación cultural, moral e social.



- h. Atendelas demais finalidades complementarias do obxecto principal para o que se constitúe, coma colaborar coas entidades de goberno, médicas, xurídicas, etc., ou de outra natureza, a fin de acadar a recuperación dos/das enfermos/as.

**ARTIGO 4º.-** Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes actividades:

- Dinamización dun espazo de encontro.
- Organización de actividades socio-culturais, deportivas, lúdicas, etc.
- Organización de cursos, seminarios, conferencias e actos semellantes.
- Elaboración e edición de materiais formativos, revistas, folletos e calquera outro tipo de publicación para a difusión das ideas da Asociación.
- Deseño e execución de cantas acción ou actividades sexan precisas para acadar a participación de asociados/as, e destinatarios/as.
- Fomento das relacións de colaboración con institución públicas, empresas privadas e organizacións non lucrativas que permitan un mellor cumprimento dos fins fundacionais.
- Organización de xornadas, tanto a nivel galego como a nivel nacional.

**ARTIGO 5º.-** O enderezo social da Asociación será na localidade de As Pontes de García Rodríguez, R/ Balsa 28 baixo esquerda., C.P.15320, da provincia da Coruña. Poderanse empregar outros locais asociativos da cidade, previo acordo da Xunta Directiva.

**ARTIGO 6º.-** A Asociación en función dos seus fins e da ubicación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no



ámbito do concello de As Pontes, municipios limítrofes, tanto da provincia da Coruña como na de Lugo.

## **CAPÍTULO II: DOS/DAS ASOCIADOS/AS.**

**ARTIGO 7º.-** Poderán ser integrantes da Asociación tódalas persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar, que reúnan os seguintes requisitos e sexan admitidos no seo da Xunta Directiva:

- Ter interese no desenvolvemento dos fins da Asociación.
- Formalizala integración mediante a cobertura do documento de incorporación.

**ARTIGO 8º.-** A condición de asociado/a pérdese por causa de:

- Vontade propia, comunicada por escrito á Xunta Directiva e previo aboamento de tódalas cotas que poda ter pendentes.
- Falta de pagamento das cotas dun ano.
- Falla de asistencia consecutiva á Asemblea Xeral Ordinaria en tres ocasións.
- Realización de acción que prexudiquen gravemente os intereses da Asociación.
- Expediente disciplinario, acordado na reunión da Xunta Directiva.

**ARTIGO 9º.-** A expulsión de persoas asociadas será acordado pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a. En calquera caso, o acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral, e contra del pódese recorrer diante da xurisdición ordinaria.



**ARTIGO 10º.-** A separación temporal dun asociado/a pódese producir:

- A petición persoal do/da asociado/a.
- Polo acordo da Xunta Directiva, ben por motivos de ter aberto un expediente sancionador, ben pola falta de pagamento das cotas, ben por comportamentos que afecten á boa marcha dalgún dos fins da Asociación.

**ARTIGO 11º.-** No seo da Asociación poden convivi-las seguintes clases de asociados/as:

- Socios/as fundadores, que serán aqueles/as que participen no acto de constitución da Asociación.
- Socios/as de número, que serán os/as que entrasen despois da constitución da Asociación.
- Socios/as de honra, que destacan a criterio da Asemblea Xeral ou da Xunta Directiva, polo seu prestixio ou por ter contribuído ó desenvolvemento dos fins fundacionais.

**ARTIGO 12º.-** Os/as socios/as de número e fundadores/as teñen os seguintes dereitos:

- Tomar parte en calquera actividade que a Asociación organice en cumprimento dos seus fins.
- Beneficiarse de tódalas vantaxes que a Asociación poda proporcionar.
- Participar nas Asembleas, con voz e voto, así como ser elector/a ou elixible para os cargos directivos.
- Recibir información sobre os acordos tomados polos órganos da Asociación, así como sobre a información máis



salientable da planificación e do orzamento e as súas respectivas execucións.

- Facer suxestións ós/ás membros/as da Xunta Directiva en orde a melloralo cumprimento dos fins da Asociación.
- Aqueles outros que sexan recollidos na lexislación vixente.

**ARTIGO 13º.-** Os/as socios/as de número e fundadores teñen as seguintes obrigacións:

- Cumpri-los presentes Estatutos e os cargos válidos das Asembleas e da Xunta Directiva.
- Prestar cantos servizos determinen os Estatutos ou regulamento de réxime interno e os acordos das Asembleas Xerais.
- Asistir ás Asembleas Xerais.
- Desenvolvelas obrigas inherentes ó cargo que se ocupe.
- Satisfacelas cotas ordinarias ou cotas de entrada que se establezan na Asemblea.
- Manter unha boa conduta cívica.
- Aquelas outras que sexan recollidas na lexislación vixente.

**ARTIGO 14º.-** Os/as socios/as de honra Terán as mesmas obrigas que os/as socios/as fundadores/as e de número.



## **CAPITULO III:**

### **DO FUNCIONAMENTO ASOCIATIVO.**

#### **REXIME XERAL.**

**ARTIGO 15.-** A asociación rexerese segundo os presentes estatutos, sempre que os seus contidos non se opoñan ás leis nin contradigan os principios contidos na Lei Orgánica 1/2002 e o seu desenvolvemento regulamentario. O Regulamento de Réxime Interno desenvolverá os presentes estatutos.

**ARTIGO 16º.-** O goberno e a representación da Asociación están a cargo dos seguintes órganos:

- A Asemblea Xeral, como máximo órgano colexiado de goberno da Asociación.
- A Xunta Directiva, como órgano colexiado en quen a Asemblea delega o goberno permanente da Asociación.
- O Presidente/a, o Vicepresidente/a, o Secretario/a, e o Tesoureiro/a, como órganos unipersoais e con funcións de goberno e de representación determinadas polos Estatutos.

#### **ASEMBLEA XERAL.**

**ARTIGO 17º.-** A Asemblea Xeral é o órgano de expresión da vontade da Asociación, estará integrada por tódolos/as socios/as con



dereito a voto e tomará os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna. O/a presidente/a e o/a secretario/a serán os mesmos que os/as da Xunta Directiva.

**ARTIGO 18º.-** A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces acorde a Xunta Directiva, o considere o/a Presidente/a, ou a soliciten o 25% dos/das socios/as. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente/a, autorizado coas firmas dos/das solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

**ARTIGO 19º.-** A Asemblea Ordinaria reunirase necesariamente dentro dos tres meses seguintes ó peche do exercicio.

Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo Presidente/a da Xunta Directiva, expondo a convocatoria no taboleiro de información da Asociación, enviándose a notificación ó domicilio dos/das asociados/as.

Na convocatoria han de aparecer o lugar, data e hora da xuntanza, así como a orde do día con expresión concreta dos temas a tratar e os anexos que procedan. Tamén se sinalará a hora da segunda convocatoria, que como mínimo terá que separarse media hora da primeira convocatoria.

**ARTIGO 20º.-** Para que as Asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran un terzo do total dos/das asociados/as con dereito a voto na primeira convocatoria ou, pasado o prazo estipulado, con calquera número de asociados/as con dereito a voto en segunda convocatoria.



**ARTIGO 21º.-** Os/as socios/as poderán outorga-la súa representación, ós efectos de asistir as Asembleas Xerais, en calquera outro/a socio/a. Tal representación outorgarase por escrito, e deberá obrar en poder do/da Secretario/a da Asemblea polo menos media hora antes de celebrarse a sesión.

**ARTIGO 22º.-** Son competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- Aproba-lo plan de actuación proposto pola Xunta Directiva, así como aproba-la memoria de xestión correspondente.
- Aproba-lo orzamento proposto pola Xunta Directiva, así como examinar e aproba-los balances e as contas anuais do exercicio anterior.
- Fixa-las cotas ordinarias e ou extraordinarias.
- Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación.
- Acorda-la remuneración, no seu caso, dos membros dos órganos de representación.
- As demais que resulten dos Estatutos e non estean expresamente atribuídas á Asemblea Xeral Extraordinaria ou á Xunta Directiva.

**ARTIGO 23º.-** Son competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- A. Elixi-los/as integrantes da Xunta Directiva.
- B. Aproba-la federación con outras Asociacións.
- C. Modifica-los Estatutos da Asociación.
- D. Disolve-la Asociación e designar os/as liquidadores/as.
- E. Expulsar a socios/as, á proposta da Xunta Directiva.
- F. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- G. Solicita-la Asociación de Utilidade Pública.





**ARTIGO 24º.-** Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen ós negativos, non sendo computables os votos en branco ou abstencións.

Será preciso maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para os apartados comprendidos entre o “b” e o “g” do artigo 23º.

A continuación levaranse os acordos ó libro de actas que asignará o/a Presidente/a e o/a Secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría simple.

**ARTIGO 25º.-** Os acordos que vaian en contra destes estatutos ou dos fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará aberta a vía para recorrer diante da xurisdición ordinaria.

## **XUNTA DIRECTIVA**

**ARTIGO 26º.-** A Asociación será xestionada por unha Xunta directiva formada polos cargos de: Presidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e Vogais.

Tódalas persoas que compoñen a Xunta Directiva deberán ser asociados/as cunha antigüidade dun ano, maiores de idade e exercelo cargo de maneira gratuíta.

Os cargos serán designados e revocados pola Asemblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de catro anos, podendo



ser reelixidos ó final do seu mandato por un número indeterminado de veces.

**ARTIGO 27º.-** Os cargos da Xunta Directiva poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e ou por expiración do mandato. Neste último caso, continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación de quen os substitúan.

**ARTIGO 28º.-** As vacantes que se puideran producir na Xunta Directiva cubriranse provisionalmente por designación da mesma ata que a Asemblea Xeral elixa ós novos membros ou confirme nos seus postos ós designados.

**ARTIGO 29º.-** A Xunta Directiva reunirse con carácter ordinario unha vez ó mes e con carácter extraordinario cantas veces o determine o Presidente/a ou a petición de tres dos/das seus/súas membros/as.

A convocatoria realizarase como mínimo con tres días de antelación mediante citación persoal na que se recollerá a orde do día. No caso de ausencia inxustificada de calquera membro/a da Xunta Directiva por tres veces consecutivas procederase a súa destitución.

A Xunta Directiva quedará constituída cando asista a metade máis un dos/das seus/súas membro/as e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto do/da Presidente/a será de calidade.

**ARTIGO 30º.-** As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral. En particular son facultades da Xunta Directiva:

- Dirixi-las actividades sociais e levala xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizalos oportunos contratos e actos.
- Convóca-las Asembleas Xerais e executalos acordos nela acadados.
- Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o plan de actuación proposto pola Xunta Directiva, así como a memoria de xestión correspondente.
- Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento do exercicio, así como os balances e contas anuais do exercicio pechado.
- Resolver sobre a admisión de novos/as asociados/as.
- Crear comisión de traballo co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades ou recadar das mesmas as informacións necesarias. Ó cargo destas comisión designarase un/unha membro/a da Xunta Directiva.
- Nomear delegados/as para determinadas actividades da Asociación.
- Interpreta-los Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno e velar polo seu cumprimento.
- Ditar normas de funcionamento non contempladas no Regulamento de Réxime Interno.
- Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de Socios/as.

## **ÓRGANOS UNIPERSOAIS.**



## **ARTIGO 31º.-** O/A Presidente/a terá as seguintes atribucións:

- A. Ostenta-la dirección da Asociación velando polo cumprimento dos seus fins.
- B. Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados.
- C. Convocar, presidir e levanta-las sesión da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, así como dirixi-las deliberacións que nelas se produzan.
- D. Ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas, certificacións e correspondencia.
- E. Garda e custodia do selo da Asociación.
- F. Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle e no desenrolo das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

## **ARTIGO 32º.-** O/A Vicepresidente/a asumirá as funcións que nel/nela delegue o/a Presidente/a, substituíndoo/a en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

## **ARTIGO 33º.-** O/A Secretario/a terá as seguintes atribucións:

- A. Ostenta-la dirección dos traballos administrativos da Asociación.
- B. Custodiar e leva-los libros de actas e de rexistro de socios/as e os documentos.
- C. Estende-las convocatorias e as actas das reunión ademais de expedir certificacións das mesmas co visto bo do/da Presidente/a.



- D. Comunicación sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles ós rexistros correspondentes, así como o cumprimento das obrigacións documentais nos termos que legalmente correspondan.

### **ARTIGO 34º.-** O/A Tesoureiro/a terá as seguintes atribucións:

- A. Ostentala dirección dos traballos de xestión económica da Asociación.
- B. Custodiar e leva-los libros de contabilidade e os inventarios, así como tódolos documentos económicos necesarios para a elaboración das contas e balances.
- C. Preparalos orzamentos, as contas anuais e os balances e facela súa presentación diante da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.
- D. Recadar e custodiar os fondos pertencentes á Asociación.
- E. Dar cumprimento as ordes de pago que expida o/a Presidente/a.

**ARTIGO 35º.-** Os/as Vogais Terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así coma as que nazan das delegacións ou comisións de traballo ca propia Xunta as encomende.

## **RÉXIME ECONÓMICO.**

**ARTIGO 36º.-** A Asociación é unha entidades en ánimo de lucro. Os posibles beneficios obtidos como consecuencia das súas actividades



económicas, incluídas ás prestacións de servizos, deberán destinarse, exclusivamente, ó cumprimento dos seus fins.

**ARTIGO 37º.-** O patrimonio da Asociación ou fondo social é de 6000€.

**ARTIGO 38º.-** O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de Decembro de cada ano.

**ARTIGO 39º.-** O orzamento da Asociación será anual, tendo que ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria de inicio de exercicio. Asemade, a liquidación do orzamento terá que ser presentada na Asemblea Xeral Ordinaria inmediatamente posterior ó remate do exercicio.

**ARTIGO 40º.-** Anualmente e con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e balance de situación, que se formalizará nunha memoria e será posta disposición doas/das socios/as, durante un prazo non inferior a quince días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

**ARTIGO 41º.-** Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- As cotas ordinarias dos/das asociados/as, que en ningún caso serán reintegrables.



- As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
- As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.
- As achegas voluntarias, que se considerarán como préstamos sen xuros, reintegrables nos termos que se pacten.
- Calquera outro recurso lícito.

**ARTIGO 42º.-** Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, deberán ter recoñecidas as firmas: o/a Presidente/a, e o/a Tesoureiro/a, para o emprego conxunto delas.

**ARTIGO 43º.-** A disposición dos bens patrimoniais que se aproben regulamentariamente, han de ser aprobados pola Asemblea Xeral.

## **CAPITULO IV: DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN.**

**ARTIGO 44º.-** Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou un cuarto dos/das asociados/as.



A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria terá a modificación dos Estatutos como único punto da orde día e estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de dez días para que calquera socio/a poida dirixir a Xunta Directiva as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán postas a disposición cunha antelación mínima de tres días á realización da mesma.

A aprobación da modificación dos Estatutos acordarase pola maioría cualificada das persoas presentes ou representadas.

### **ARTIGO 45º.-** A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- Pola vontade dos/das asociados/as acordada pola maioría cualificada das persoas presentes ou representadas
- Por outras causas determinadas legalmente.
- Por sentenza xudicial.

**ARTIGO 46º.-** Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará dous asociados/as liquidadores/as, que xunto co/ca Presidente/a e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectual a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

O haber líquido resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra entidade de carácter non lucrativo, inscrita na Comunidade Autónoma e que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.





Dilixencia:

SALVADOR BAAMONDE SANJURJO, titular da Presidencia, e MARÍA DEL PILAR LEAL VÁZQUEZ, titular da Secretaría da **ASOCIACIÓN de PERSOAS ADICTAS E FAMILIARES ADIANTE**, fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral extraordinaria celebrada en data 11 de abril de 2023 e número de acta 175, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En AS PONTES, a 24 de agosto de 2023.

**A SECRETARIA**

**O PRESIDENTE**

**M.<sup>a</sup> del Pilar Leal Vázquez**

**Salvador Baamonde Sanjurjo**